



A Festa da Filloa e os Xenerais da Ulla protagonizarán todo o mes de febreiro

O Concello de Boqueixón celebra dúas das súas festas máis importantes e máis representativas no mes de febreiro. A Festa da Filloa e os Xenerais da Ulla son hoxe un símbolo para todos os veciños de Boqueixón. Por iso dende o Concello cada ano propoñemos un programa máis completo de actividades para celebrar o Entroido da man dos Xenerais e acompañados polas filloas.

Este ano as actividades de promoción comezarán o xoves 13 de febreiro no mercado de Boanerges en Santiago de Compostela. Ao longo de todo o día, os visitantes poderán degustar filloas neste espazo, pero o prato forte será o showcooking de dous recoñecidos chefs do panorama nacional, que a última hora da tarde elaborarán dúas receitas diferentes de filloas con recheos -unha salgada e outra doce-. Tra-

tarase dunha xornada gastronómica moi completa, e centrada absolutamente no produto estrela de Boqueixón, a filloa.

Posteriormente, o sábado 15 de febreiro, os protagonistas serán os nenos e nenas de Boqueixón. Todos aqueles de entre 7 e 12 anos están convidados a aprender a arte de facer filloas da man das filloeiras máis expertas. As prazas son limitadas, e haberá dous obradoiros dunha hora de duración, un ás 17:00 horas



Os Xenerais da Ulla no ano 2019.



A 37ª Festa da Filloa comezará coas súas actividades o vindeiro 13 de febreiro.

e outro ás 18:30 horas.

E, ao igual que os últimos anos, unha filloeira de Lestedo estará entre o 20 e o 29 de febreiro na cafetería do Corte Inglés facendo filloas en directo para promocionar a festa. Estas filloas terán un prezo simbólico con fins solidarios.

Entre o 24 e o 29 deste mes, celebraranse as V Xornadas Gastronómicas da Filloa nos seguintes establecementos: Bar Restaurante "O Imprevisto", Restau-

te "Vía da Prata", Casa de Xantar "Casa Castro", Café Bar "O'26", Cervexería "O Vikingo", Bar "O Tapeo" e Restaurante "Vente Vindo". Nestes locais poderedes degustar as tapas de filloas máis orixinais por un prezo de 2 euros.

O 23 os Xenerais de Sergude percorreren as rúas da parroquia no seu desfile. O día 1 de marzo será o turno dos Xenerais de Lestedo, e celebrarase a 37ª Festa da Filloa no Campo da Festa.

A exposición 'Express-Arte' pon cara á quince mulleres icónicas

As quince fotografías que compoñen a mostra 'Express-Arte' reflexa a realidade de quince mulleres diferentes. Todas as imaxes foron realizadas a partir dun programa de inserción laboral para mulleres vítimas de violencia de xénero. A Asociación

de Mozos Emprendedores Lucenses impulsaron a súa execución e a Aula de Usos Múltiples de Boqueixón acolleuna dende o 21 de xaneiro ata o 3 de febreiro. O programa baixo o que se desenvolveu esta proposta artística busca o empoderamento

das mulleres, e a actividade da que xurde consistía en que cada unha das participantes escolleu unha obra pictórica feminina coa que se sentisen identificadas para caracterizalas e fotografalas. A secretaria xeral de Igualdade visitou a mostra o 24 de xaneiro.



A Xunta invertirá en mellorar o firme e a sinalización da Ruta Prata na nosa zona

A sinalización da Ruta da Prata ao seu paso polos concellos de Vedra e Boqueixón mellorará considerablemente co proxecto de inversión da Xunta de Galicia de cara ao Xacobeo 2021, ao igual que o acondicionamento do firme desta zona concreta.

En xaneiro, o delegado territorial da Xunta en A Coruña, Ovidio Rodeiro, visitou esta área acompañado polo alcalde de Boqueixón, Manuel Fernández Munin, e polo rexedor de Vedra, Carlos Martínez Carrillo para comprobar in situ cal é o estado deste vieiro polo que pasa a Ruta.

O presuposto para acometer estas actuacións de mellora ascende a máis de 90.000 euros e facilitará a preparación desta Ruta Xacobeá de cara ao Ano Santo 2021. O proxecto forma parte dun plan de mellora desta vía onde se están a investir 2,1M€ nos conce-



Ovidio Rodeiro cos rexedores de Boqueixón e de Vedra nun tramo da Ruta da Prata

llos galegos deste trazado.

Plans para a inversión

Os proxectos da institución autonómica teñen por obxectivo a mellora dos treitos das áreas que presentan máis danos, coa apertura de cunetas, a execución de gabias, a construción de pasos de auga e o perfilado da explanación

para recibir o novo firme. En concreto, co acondicionamento deste tramo, actuarase sobre un total de 815 metros de camiño non asfaltado, que ademais se atopan en mal estado pola acción da auga.

E, máis alá desta importante obra, o proxecto da Xunta tamén contempla a mellora da sinalización a

través da incorporación de novos fitos de pedra nos cruces nos que sexa necesario. Os fitos que xa estaban ben colocados están agora a ser limpados, e máis adiante procederáse á instalación de novas cunchas de cerámica e placas quilométricas, que serán moi útiles para todos os peregrinos dos vindeiros anos e do Xacobeo 2021. Do mesmo xeito, vanse sinalizar os cruces coa estrada N-525 para unha mellor seguridade viaria.

Proxecto común

O delegado territorial da Xunta tamén destacou nesta xornada que para potenciar a Vía da Prata, as comunidades de Galicia, Andalucía, Extremadura e Castela e León puxeron en marcha un plan que inclúe a petición de que esta Ruta sexa recoñecida oficialmente como Patrimonio da Humanidade.

Boqueixón aumenta a súa oferta turística cun innovador complexo

A Entidade de Enoturismo María Manuela crea un novo complexo con 18 prazas de aloxamento en seis cabanas de madeira integradas na paisaxe. Este novidoso espazo pretende promover un turismo especializado nas zonas de produción vinícola.

Así, a súa proposta inclúe coñecer desde dentro o mundo do viño. O director xeral de Agader e o delegado territorial da Xunta, supervisaron co alcalde de Boqueixón o resultado das obras do innovador complexo beneficiario das axudas do Leader.



O alcalde, o delegado territorial da Xunta e o director de Agader no novo espazo.

Edita: Concello de Boqueixón. Forte, s/n.
15881 Boqueixón.

Web: www.boqueixon.es/com

Correo electrónico: concello@boqueixon.com

Redacción e maquetación: Nós Comunicación

Distribución gratuíta

Oficinas xerais: 981 51 30 61

Educación e Cultura: 981 51 31 15

Servicios Sociais / CIM: 981 51 31 06

A selección galega de Rugby adentra en Boqueixón

O domingo 26 de xaneiro a selección masculina de Galicia Rugby 7 Sub-18 foi convocada a un adestramento no Campo de Fútbol de Boqueixón.

Os veciños achegáronse para ver o adestramento deste grupo de deportistas, que fixeron gala de todo o seu potencial e da arte do seu xogo na nosa localidade.

Os xogadores convocados pertencen a diferentes equipos da comunidade galega: Kaleido Universidade Vigo R.C.; C.D. Lobos - Asociación Valentés; C.R. Ferrol; C.R.A.T. Coruña; C.U. Ourense R.C. e Pontevedra R.C. Os deportistas dos diferentes equipos que participaron nesta xornada de adestramento dominical foron un total de vinte e cinco.

Dende a Federación Galega de Rugby agradeceron ao Concello as facilidades dadas para o desenvolvemento desta actividade.

Boqueixón, localidade destacada da Rede Eurovelo de ciclismo



Mapa oficial da rede Eurovelo

Eurovelo é unha rede quince rutas ciclistas de longa distancia que conectan e unen todo o continente europeo. Boqueixón representa o único punto da xeografía galega pola que atravesa esta Ruta, e que, por tanto, participa da promoción que fai a Ruta Eurovelo de distintos puntos da xeografía europea. De feito, en España só hai tres puntos polos que pasa este itinerario, e un deles é a nosa localidade, que tamén é o único do Norte de España.

As rutas poden ser utilizadas tanto por cicloturistas como polos habitantes locais que realizan os seus traxectos diarios. Actualmente, o obxectivo de Eurovelo é continuar completando substancialmente este itinerario ao longo do exercicio 2020.

Obxectivos

A proposta de consolidar esta ruta europea para ciclistas ten varios obxectivos. En primeiro lugar, busca promover as viaxes sostibles que sexan respectuosas co medio ambiente, e que coide os eidos social e económico.

Ao mesmo tempo, Eurovelo busca mellorar a calidade das súas rutas en todos os países que participan. E, do mesmo xeito, promover a marca destes itinerarios de acordo coas normas publicadas.

Eurovelo tamén se erixe como unha guía para os ciclistas nacionais e internacionais, xa que aportan información sobre as rutas

ciclistas deste continente.

Dende esta entidade apoian o desenvolvemento de centros nacionais de coordinación para a Ruta Eurovelo e para as Rutas nacionais establecidas en cada país.

Ademais fomentan o intercambio de experiencias, e traballan para mellorar as prácticas entre estados e rexións europeas, estimulando estratexias e infraestruturas de ciclo de alta calidade.

Centros coordinadores

O establecemento e a garantía de calidade de Eurovelo está coordinada pola Federación Europea de Ciclistas (ECF) en colaboración cos Coordinadores e Centros Nacionais de Coordinación de Eurovelo. No caso concreto de España, o CNCEV/C está integrado en ConBici, que é unha entidade Coordinadora en Defensa da Bicicleta que agrupa a un total de 61 asociacións e colectivos de ciclistas de España.

Os veciños que avisten un niño de velutina deben chamar ao 012

A Xunta e a Fegamp estableceron un novo protocolo de actuación dentro do Plan de Lotta contra a Velutina. Así, cando se chame ao 012 para alertar do feito de ter atopado un niño de velutina comezará a correr un prazo de cinco días para a súa retirada. Terá que facelo a empresa pública Seaga, á cal foi encargada a execución do programa galego de

vixilancia e control fronte a este tipo de insecto. O obxectivo desta medida é axilizar a eliminación das colonias de avésa asiática tanto para destruílas como para tranquilizar á veciñanza. O plan posto en marcha parte cunha dotación económica de 2,3 millóns de euros a través de fondos propios da Administración autonómica e do Fondo de Cooperación Local.



A tradición da Romaría de Xaneiro do Pico

Máis de 200 persoas participaron na Romaría de Xaneiro do Pico Sacro que tivo lugar na mañá do luns 20 de xaneiro. Os asistentes achegáronse ao longo de toda a mañá, a distintas horas, se ben houbo un goteo constante de persoas.

Entre as 10:00 e as 13:00 horas celebrouse a eucaristía, así como diferentes ofrendas. E, posteriormente, os veciños puideron degustar un saboroso menú composto por churrasco, polbo feito en directo por un polbeiro do Carballiño, e unha sobremesa composta por churros e rosquillas.

A Romaría de Xaneiro é unha das citas imprescindibles do noso concello, xa que é unha xornada na que gastronomía, relixión e deporte e natureza se unen. Os veciños puideron facer rutas por un entorno inigualable, para posteriormente asistir ás misas establecidas e rematar cun completo menú.



Un grupo de persoas, entre eles o delegado territorial da Xunta, na Romaría do Pico Sacro celebrada o luns 20 de xaneiro.



A cerimonia relixiosa que se celebrou na mañá da Romaría.



Os veciños que durante a xornada subiron ata o Pico Sacro.

AXENDA DO MES DE FEBREIRO

Luns
10

Ábrese o prazo para inscribirse á viaxe a Bragança o 11 e 12 de marzo

Xoves
13

A filloa no Boanerges
Mercado de Boanerges
Xornada gastronómica en Santiago para promocionar a Festa da Filloa.

Sábado
15

Taller Infantil de Filloas

Local Social de Lestedo
Obradoiros para facer filloas para nenos de 7-12 anos.

20-29

A filloa de Lestedo no Corte Inglés

El Corte Inglés Santiago
Filloeira en directo no centro comercial todos os días entre as 13:00 e as 16:30 horas.

24-29

V Xornadas Gastronómicas da filloa

Establecementos de restauración de Boqueixón
Varios locais darán a degustar aos seus clientes tapas de filloas por 2 €

Domingo
23

Xenerais da Ulla de Sergude
Parroquia de Sergude
17:30 Parranda e mascaradas
19:00 Atranques
e en marzo...

Domingo
1

Entroido dos Xenerais da Ulla de Lestedo e 37ª Festa da Filloa

Campo da Festa de Lestedo
As 12:30 V Gran Desfile dos Xenerais da Ulla e ás 17:30 Atranque dos Xenerais

Máis información e inscricións:

Centraliña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com